


INFANTIL (4 e 5 anos)**18 - 19 de febreiro de 2021 ás 9.30 e 12.00**

L'HOME DIBUIXAT(Comunidade Valenciana)

ZAPATOS NUEVOS

Un neno estrea zapatos e vaise ao río a merendar. Polo camiño, descobre o mundo que o rodea: rúas, casas, paisaxes, persoas e animais. Os seus zapatos van acumulando experiencias e el, aos poucos, crece. O tamaño dos zapatos acompáñanos no transcurso dos anos. O tamaño mide o pé, pero tamén a idade, as vivencias, a forma como camiñamos pola vida. Pasan os días, os anos e as caixas de zapatos. Pequenas, medianas, grandes.

Premio Max das Artes Escénicas 2020 ao Mellor espectáculo infantil, xuvenil ou familiar.

CREACIÓN: JORDI PALET / TIAN GOMBAU
AUTOR E DIRECTOR: JORDI PALET I PUIG
ACTOR E MANIPULADOR: TIAN GOMBAU
DURACIÓN: 30 MIN

INFANTIL (4 e 5 anos) - PRIMARIA 1º curso**3 - 4 de xuño de 2021 ás 9.30 e 12.00**

PERIFERIA TEATRO (Murcia)

NUBE, NUBE

“Nube Nube” é un xogo poético sobre a idea do amor romántico que se nos transmite desde a máis tenra infancia. Inspirado no conto de “A Sirenita”, en “Nube Nube” facemos unha revisión, desde o humor e o amor, ao que somos capaces de facer para querer e que nos queran.

“Cando Luz era Luz, volaba con as ás extendidas e unha sonrisa na cara”.

“Cando Luz era Luz, as noites non eran tan escuras e polo día creaba no ceo paisaxes infinitas”.

“Cando Luz era Luz, non imaxinaba que un día deixaría de selo”.

Espectáculo producido coa axuda do Teatro Circo de Murcia, Instituto delas Industrias Culturales de Murcia/ICA e Centro internacional de la marioneta de Tolosa/TOPIC.

AUTORES: MARISO GARCÍA, IRIS PASCUAL, JUAN MANUEL QUIÑONERO
ACTRICES MANIPULADORAS: IRIS PASCUAL E MARISO GARCÍA.
DURACIÓN: 50 MIN

PRIMARIA 1º - 2º - 3º curso**20 - 21 de maio de 2021 ás 9.30 e 12.00**

TALÍA TEATRO (Galicia)

LAMBETADAS

Un espectáculo destinado a público infantil para a transmisión da lingua e a cultura galega.

Unha lambetada é un doce, algo saboroso, que se come por gusto. Pero tamén é a acción de pasar a lingua buscando un efecto agradable.

Partindo da dobre acepción da palabra elaboraremos un doce e gorentoso espectáculo teatral, pasando a lingua a modiño, con deleite, sobre unhas historias que nos deixarán un doce sorriso nos beizos.

Mediante o xogo escénico e o humor, os dous protagonistas ha pasar por diversas situacións cómicas e encarrar múltiples persoaxes con diferentes oficios de disciplinas; para acabar descubriendo que a identidade está na propia lingua, porque con ela se poden saborear as lambetadas mais doces e variadas.

ACTORES: MARÍA ORDÓÑEZ E DIEGO REY
DIRECCIÓN SANTIAGO CORTEGOSO
DURACIÓN: 45 MIN

PRIMARIA 2º - 3º - 4º curso**6 - 7 de maio de 2021 ás 9.30 e 12.00**

EM2 (Galicia)

SEMENTE, O HOME QUE PLANTABA ARBORES

“A terra non é miña, eu son da terra”

A partir do libro O home que plantaba árbores de Jean Giono. Inspirado en acontecementos reais, “Semente. O home que plantaba árbores” é unha historia inesquecible sobre o poder que o ser humano ten de influenciar o mundo ao seu redor. Narra a vida dun home e o seu esforzo solitario, constante e paciente, para facer do lugar onde vive un lugar especial. É unha historia admirable que nos mostra como un home humilde e insignificante aos ollos da sociedade, vivindo lonxe do mundo e usando unicamente os seus propios medios, consegue reforestar el só unha das rexións máis inhóspitas e áridas de Francia.

AUTOR: JEAN GIONO
DIRECCIÓN: JOSÉ C. GARCÍA
INTÉRPRETE: MERCEDES CASTRO
DURACIÓN: 55 MIN

PRIMARIA 4º - 5º - 6º curso**4 - 5 de marzo de 2021 ás 9.30 e 12.00**

LA TAL (Cataluña)

ITALINO GRAND HOTEL

Quen lava as miles de sabas dos hoteis?

No último soto do ITALINO GRAND HOTEL está a lavandería. Alí, un personaxe solitario lava, ferro e perfuma a roupa. Vive só, soña entre sabas e esconde a soidade conversando coas máquinas e a súa propia sombra.

La Tal volve a escena cun clown tenro e entrañable, que crea un universo propio e cunha escenografía de estética contundente.


CREACIÓN: JORDI MAGDALENO
DIRECCIÓN: TOLO FERRÀ I JORDI MAGDALENO
ACTOR: JORDI MAGDALENO
DURACIÓN: 55 MIN

22 de abril de 2021 ás 9.30 e 12.00ANA CARREIRA PARA ARTESTUDIO
XESTIÓN CULTURAL (Galicia)**CONTOS DE TESOUROS**

Tan, tan grande é o mundo que podes atopar un tesouro debaixo dunha pedra, nunha illa deserta, na lúa, nun cofre... e, sobre todo nos contos.

De cando aparecen os primeiros tesouros Touporroutou de lúa e o sol; de cando os tesouros saen de dentro As dúas nenas e as tres velliñas; de cando as cousas son tesouros segundo quen os mira Simbad o mariño no país de todo o revés; de cando non sabes que facer cos tesouros, Os tres desexos dos leñadores; ou de cando os tesouros se che quedan pegados as mans O ganso de ouro; son algúns dos tesouros que atoparedes da man de Ana Carreira.

NARRACIÓN: ANA CARREIRA
DURACIÓN: 45 MIN

23 de abril de 2021 ás 9.30 e 12.00OLGA ABAD PARA ARTESTUDIO
XESTIÓN CULTURAL (Galicia)**HISTORIAS NO MAR**

Historias no mar, fálanos da relación dun avó ca súa neta.

O avó chamase Xan, é un mariñeiro retirado que percorreu o mundo e agora vive unha montaña. Uxía é a súa neta que vive na cidade, a ela gústalle moito visitalo porque con el aprende moitas cousas.

Un día sairán a dar un paseo na barca de Xan e rematarán dentro dunha balea. No interior do animal aproveitarán o tempo cantando historias.

A intención desta narración é poñer en valor os nosos maiores e a importancia da relación entre xeracións.

NARRACIÓN: OLGA ABAD
DURACIÓN: 45 MIN

TODO PÚBLICO

Las artes escénicas para todas Las edades

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES CURSO 2020/2021

Primavera 2021

- Esta programación está pensada para escolares a partir de 4 anos.
- Cada grupo escolar só poderá inscribirse nunha única obra de teatro durante o curso 2020/2021.
- Cada grupo escolar deberá estar acompañado por unha persoa responsable do seu centro.
 - Todas as funcións terán lugar no Forum Metropolitano.

ENTRADAS:

O PREZO DO BILLETE DE ENTRADA por alumna/o é de 2,00 € e gratuita para o profesorado acompañante.

INSCRICIÓN E VENDA DE ENTRADAS

En liña a través da páxina web educativa: www.edu.coruna.es, a partir do luns 18 de xaneiro para os centros do municipio e para os centros de outros municipios a partir do luns 1 de febreiro. (para resolver dúbidas coa ficha de inscrición da web no teléfono 981 902 327 ou educoruna@balidea.com).

As inscricións feitas no mes de setembro de 2020 para o espectáculo "Zapatos nuevos" (para os días 18 e 19 de febreiro para E. Infantil) non terán validez, debido a redución do aforo; polo que os centros afectados deberán facer de novo a súa inscrición.

RETIRADA E ABONO DAS ENTRADAS:

As entradas deben ser retiradas e aboadas no prazo dende a data da comunicación da adxudicación ata 3 días hábiles antes do espectáculo.

2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudícaranse as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.

3. As entradas recolleranse na billeteira do Forum Metropolitano, con cita previa (chamando ao teléfono 981 184 297).

4. Recoméndase o abono mediante tarxeta de crédito, inda que pódese aboar en efectivo.

5. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas o aumentalas se quedan prazas vacantes.

6. O día do espectáculo, devolveranse o importe das entradas do alumnado que non poda asistir. O importe será devolto ao termo da función. E no caso de que foran aboadas con tarxeta de crédito terán que presentala.

7. En todo caso, só se permitirá un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non excedan de 5 a 10 entradas (segundo o aforo vixente) por función.

8. No caso de peche de aulas polo Covid-19, o importe das entradas será devolto sempre e cando se comunique con 48 h de antelación á función.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

Este traballo debe de orientarse, polo menos, nunha dirección: reflexionar sobre o que significa asistir a un espectáculo teatral.

NORMAS DE PREVENCIÓN DO CORONAVIRUS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO POLOS CENTROS E GRUPOS DE ESCOLARES

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade e se absteñan de enviar aos espectáculos aos grupos no caso de calquera mínima sospeita de enfermidade e que o profesorado comunique previamente ao alumnado as normas a seguir e actúe con responsabilidade.

- Non asistir a esta actividade con febre (> 37°) ou con síntomas propios do coronavirus.
 - Manter 1,5 metros de distancia de seguridade con outras persoas tanto nos accesos como no interior do edificio.
 - É obrigatorio utilizar a máscara (excepto no supostos contemplados na normativa vixente) para acceder e desprazarse polo edificio e durante o espectáculo.
 - Lavar as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar no auditorio e limpar os pes na alfombra desinfectante.
 - Usar os aseos só en caso de extrema necesidade.
- Estas normas poderán variar en función das medidas que podan ditar as autoridades sanitarias en función do desenvolvemento da pandemia do Covid-19 na nosa cidade ou na Comunidade Autónoma.

BENVIDOS AO TEATRO!

Un representante da organización recibirá aos grupos á entrada do edificio, indicarlles onde deben sentarse no auditorio, organizará a saída ordenada e tentará solucionar as incidencias que poidan presentarse.

Co fin de garantir que o programa de teatro escolar se desenvolva en condicións óptimas de seguridade sanitaria polo coronavirus, sen que perda a súa esencia e calidade, temos implantadas todas as **medidas hixiénico-sanitarias** previstas na lexislación vixente e outras adoptadas expresamente para o programa escolar:

- En cada sesión só asistirán grupos dun mesmo centro escolar.
- Os grupos escolares estarán separados polo corredor central e os/as alumnos/as sentaranse a 1,5 m de distancia.
- O aforo máximo será 51 persoas ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento. No aforo non se inclúen as entradas do profesorado.
- Realízase a limpeza e desinfección do auditorio antes e despois de cada función.
- Hai instalados puntos de hixiene dotados con dispensador de xel hidroalcohólico, papeleira con tapa e pedal e alfombra desinfectante á entrada do auditorio.
- Todo o persoal de produción (control de entrada, acomodadores, xefa de sala, persoal técnico e de limpeza) levará en todo momento máscara, con excepción dos artistas durante o tempo de execución do espectáculo.

DÁMOSLLES UNHAS SINXELAS PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO:

- 1) A hora salientada no billete de entrada é a hora de inicio da función.
- 2) Agrádecese puntualidade. Para elo, é aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 minutos de antelación.
- 3) Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán á sala portando cada unha a súa entrada.
- 4) Unha vez comezado o espectáculo, non se permitirá o acceso á sala.
- 5) Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- 6) Non está permitido sacar fotos nin gravar durante á función. Se queren unha foto de grupo, poderán sacala ao termo da función, previo aviso a xefa de sala.
- 7) Tampouco está permitido comer nin beber no auditorio.
- 8) Vimos todos/as divertírnos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.

ACCESO AO FORUM METROPOLITANO

En autobús débese acceder sempre desde a avenida de Oza en sentido de baixada (no gráfico tes as opcións de como facelo), para chegar a rúa Rio Monelos os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum. Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

